

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DO ILTMO. CONCELLO
PLENO CORRESPONDENTE O DIA 14 DE OUTUBRO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día catorce de Outubro do dous mil dous; á unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión extraordinaria urxente do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Dona María José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Miguel Fidalgo Areda, Don Marcos Blanco Jorge, Dona Maria Martínez Abal, Don Francisco Alonso Fernández, Don Secundino Rodríguez Gómez e Don Celso Sotelo Barroso. Non asiste Don José Prieto Pérez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Antes de comeza-la sesión, o Sr. Alcalde co asentimento de tódolos membros da Corporación, quere facer consta-lo pesar da Corporación polo falecemento en días pasados de Dona Angeles Gulín, filla predilecta do Concello, así como facerlle chega-lo pésame a súa familia. Finaliza a súa intervención dicindo que nos vindeiros días reunírase a Corporación co obxecto de facer algún acto de homenaxe a súa persoa.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., co asentimento de tódolos membros da Corporación, para facer consta-lo pesar da Corporación polo falecemento en días pasados de Don José Ruiz, ex-concelleiro deste Concello, así como facerlle chega-lo pesame ós seus familiares.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio do único asunto que conforma a anunciada Orde do Día, e que resulta se-lo seguinte:

1.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.-

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que a urxencia ven motivada por cuestión de prazos, tanto no relativo á operación de tesourería como á adxudicación da obra de Acondicionamento da Alameda do Concello.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que o grupo de goberno debería ter falado cos grupos da oposición, sobre

todo se non contaban cos votos suficientes para a aprobación dos asuntos, indicando que o que se produxo no derradeiro pleno foi improvisación.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que podendo ser urxentes os asuntos a tratar, pensa que se tería que haber consultado ós grupos políticos a data e hora do Pleno, indicando que o único que lle interesa ó grupo de goberno e te-los votos suficientes.

De seguido, o Sr. Alcalde, somete a votación a ratificación da urxencia da sesión, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.P., Grupo Mixto e Don Francisco Alonso Fernández); abstencións, catro (P.S.O.E. e Don Francisco Xabier Carreira Sebío).- Por conseguinte e, por maioría absoluta fica aprobada a ratificación da urxencia da sesión.

2.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CONCERTACION DUNHA OPERACION DE TESOURERIA POR IMPORTE DE 497.681,55 EUROS.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado 19 de Setembro que di:"Intervén o Sr. Alcalde, para sinalar que se trata da renovación dunha operación de tesourería, indicando que o Concello non dispón de liquidez para cancela-la polo é necesario a súa concertación; dí que as condicións melloran as establecidas, dando conta da moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

"Don José Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente de este Ilmo. Concello, no día de hoxe, formula ó Pleno Municipal a seguinte PROPOSTA:

CONCERTACION DE OPERACION DE TESOURERIA.

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería e achado conforme, en harmonía co informe da Intervención e vistos os artigos 52 e 53 da Lei Reguladora das Facendas locais 39/1988, de 28 de decembro, segundo a redacción dada polo artigo 139, parágrafos 3 e 4 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, e Lei 50/1998, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social e Lei 55/1999, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, de conformidade co acordo plenario de 31 de xaneiro de 2002 que revoca o acado polo Pleno o 29 de xullo de 1999, polo que se delegaba a competencia da contratación de

operacións de tesourería na Comisión municipal de Goberno cando, pola súa cuantía, excederan dos límites da competencia desta Alcaldía-Presidente, propoño ó Pleno Municipal acade o seguinte

A C O R D O

Concertar coa Entidade Financiera : Banco de Santander Central Hispano SA. Red Santander -Ribadavia, un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 497.681,55 euros, coas seguintes características.

- a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses+ 0,4%.
- b) Comisión de apertura: 0%.
- c) Comisión de non disponibilidad = 0%.
- d) Prazo: Un ano.
- e) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 50 da Lei de Facendas locais.Ribadavia, a 18 de setembro de 2002".

De seguido o Sr. Alcalde somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, dous (P.S.O.E.); reservanse para o pleno os membros do B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que o seu grupo non se sente responsable desta operación de tesourería, indicando que haberá que buscarlle unha solución, a cal pode pasar por conseguir tanto do goberno central coma autonómico a financiación axeitada tendo en conta os servicios que prestan ós pequenos Concellos. Finaliza a súa intervención indicando que por estas e polo xa manifestado no derradeiro Pleno o seu grupo non vai a votar a prol desta operación de tesourería.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que despois do rexeitamento desta operación no derradeiro Pleno, o grupo de goberno non tivo o máis mínimo interese en abrir negociacións cos grupos para tratar de buscar solucións ó problema; di que é posible tomar medidas para mellora-la situación, indicando que pode haber fórmulas de tránsito co

obxecto de ir disminuindo o seu importe ano tras ano. Finaliza a súa intervención anunciando o seu voto en contra.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para recordarlle ó Sr. Carreira Sebio que este goberno non improvisa nada e, as circunstancias son as que son; está de acordo co Sr. Carreira que a solución pasa polo Pacto Local, se ben mentres isto non se produce haberá que adoptar solucións para non prexudica-la economía municipal.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que o seu grupo sempre estivo aberto á negociación, se ben o único que se fixo dende o grupo de goberno, foi a creación de alarma, reiterando a existencia de fórmulas para a redución da operación de tesourería.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que dende o Concello estanse adoptando medidas, así considera bo o plano de saneamento, se ben sinala que ó mellor, o problema do Concello ven determinado polos préstamos a longo prazo solicitados en pasadas lexislaturas.

Resposta o Sr. Fidalgo Areda, para solicitarlle ó Sr. Sotelo que rectifique as súas afirmacións xa que ignora do que está a falar.

De seguido sométese a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, cinco (P.S.O.E. e B.N.G.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita operación de tesourería.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE, REXERA O CONCURSO TRAMITADO PARA ADXUDICAR, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO EN TRAMITE DE URXENCIA, AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA ALAMEDA DE RIBADAVIA.-

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para agradecer tanto ó Sr. Secretario como ós grupos municipais a súa participación na elaboración do devandito prego, indicando que coas modificacións que se produciron o resultado é un bo documento.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para solicitar que na mesa de contratación estea o técnico de Patrimonio presente na Comisión de Seguimento do P.E.R.I.; di que espera que dende o Concello se adopten as medidas oportunas para que se

cumpran os prazos de execución da obra. Finaliza a súa intervención solicitando o compromiso ante este Pleno do Sr. Alcalde de que o Director da obra será nomeado entre os técnicos redactores do proxecto.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para agradecer ó Sr. Concelleiro de obras o impulso e participación que deu a este tema e mostra a súa satisfacción polo prego redactado; di que este é un primeiro paso para enterrar tódalas chapuzas que se fixeron na Alameda. Finaliza a súa intervención para solicitarlle ó Sr. Alcalde que en vindeiros Plenos cumpra o acordo municipal de creación dunha mesa de contratación e a aprobación dun Prego de Clausulas Administrativas para a contratación de obras, servicios e subministros.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para dicirlle ó Sr. Carreira Sebío que as certificacións das obras deberán ser informadas polo técnico municipal.

Resposta o Sr. Carreira Sebío, para dicir que lle parece correcto, se ben cre que é lóxico que se Vd. confiaron nus técnicos para a redacción do proxectos, esos técnicos asuman a dirección das obras.

De seguido sométese a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito prego, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

De seguido transcríbese o devandito prego: " **PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE, REXERA O CONCURSO TRAMITADO PARA ADXUDICAR, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO EN TRAMITE DE URXENCIA, AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA ALAMEDA DE RIBADAVIA.**

I. Obxecto do Contrato.- O presente contrato ten por obxecto a execución das obras de Acondicionamento da Alameda de Ribadavia, conforme ó proxecto técnico redactado polos arquitectos D. Alfredo Rojas Temprano e o arquitecto técnico Don Luis A. López Gómez, integrado polos documentos enumerados no artigo 124 do Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en diante TR. LCAP), incluído o correspondente estudio de Seguridade e Saúde ou Estudio Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co previsto no art. 4 do Decreto 1.627/97

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste Prego, tendo carácter contractual.

No caso de contradicción entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescripcóns Técnicas prevalecerá o primeiro.

II. Financiación da obra.- As obras obxecto do contrato financiaranse con cargo á subvención finalista por importe de 815.206 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.332A 762.0 dos presupostos xerais para 2002, outorgada pola Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, mediante Convenido entre a Conselleria e o Concello de Ribadavia de data 20 de agosto do 2002, distribuídas nas seguintes anualidades:

- Anualidade de 2002: Ata un máximo de 200.000 euros.
- Anualidade de 2003: Ata un máximo de 81.520,60 euros.
- Anualidade de 2004: Ata un máximo de 244.561,80 euros.
- ó- Anualidade de 2005: Ata un máximo de 203.801,50 euros.
- Anualidade de 2006: Ata un máximo de 85.322,10 euros.

III. Pago do prezo de adxudicación da obra.- O pago do prezo do remate e as súas variacións legais efectuaranse contra certificación de obra expedida polo técnico director da mesma, una vez aprobada polo órgano competente da Administración previa información da mesma por parte do Técnico municipal. O aboamento das certificacións realizarase de acordo co calendario de pagos imposto pola Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, mediante Convenio entre a Conselleria e o Concello de Ribadavia de data 20 de agosto do 2002. Atendendo á natureza da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe o da certificación.

O contratista, de acordo coa lexislación vixente, poderá ceder ó dereito de cobro fronte a Administración, conforme a dereito. Para que a cesión do dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna á mesma do acordo de cesión.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento

da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista surtirán efectos liberatorios.

IV. Duración do contrato e execución das obras.- A duración do contrato fíxase entre a data de notificación do acordo de adxudicación definitiva das obras e a devolución da fianza definitiva.

O prazo de execución das obras será de 8 meses contados a partir do seguinte o da acta de comprobación do replanteo, alvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo, en cuio caso será ó seguinte ó da notificación o contratista da resolución autorizando o inicio das obras.

O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do Programa de Traballo.

Mediante petición suscrita polo contratista poderanse realizar abonos a conta de instalacións, acopios de materiais

e, equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, cuio pago deberá garantizarse mediante aval bancario.

V. Base ou tipo de licitación.- O presuposto do contrato que servirá de Base de licitación ascende a un total de 815.206 euros incluído o IVE.

VI. Capacidade para contratar.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade para obrar non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 20 do TR. LCAP.

A Administración poderá contratar con unións de Empresarios que se constitúan temporalmente ó efecto, de conformidade co establecido no artigo 24 do TR. LCAP.

No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, dentro do prazo de quince días seguintes ó da data na que reciba a notificación de adxudicación, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

VII. Clasificación do Contratista.-

A clasificación esixida para esta contratación será de:

Grupo G, Subgrupo 6, Categoría de Contrato e.

VIII. Garantía provisional.- A garantía provisional será o 2% do presuposto de licitación, a cál deberase constituir na Caixa Xeral da Corporación. A non constitución de garantía provisional dentro do prazo ou por un importe inferior ó establecido, será causa de exclusión automática da licitación.

IX. Exposición simultánea do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.- Durante os catro primeiros días contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP, a fin de que se poidan presentar reclamacións ó Prego.

Si dentro de devandito prazo houberse reclamacións contra o prego, suspenderase a licitación e o prazo para a presentación de proposicións, renovándose o que reste a partir do día seguinte ó da resolución daquelas.

X. Presentación de proposicións: Lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.-

10.1. Lugar e prazo de presentación.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 14 horas, durante os trece días naturais seguintes á derradeira publicación do anuncio de licitación no "BOP" de Ourense ou no D.O.G.A.. Se o último día fose inhábil ou sábado o prazo finalizara o primeiro hábil seguinte.

10.2. Formalidades.- As proposicións constarán de dous sobres cerrados denominados A e B e, en cada un deles farase consta-lo contido (na forma que se indicará) e o nome do licitador.

A) Sobre A, denominado proposición económica, adxustarase ó modelo contido na cláusula final e presentarase pechado, podendo ser lacrado e precintado a petición do interesado e deberá conte-la seguinte inscrición: Proposición económica para optar o concurso de adxudicación das obras de Acondicionamento da Alameda do Concello de Ribadavia.

Cada licitador únicamente poderá presentar unha soa proposición. Tampouco poderá subscribirse ningunha proposta de unión temporal con outros, no caso de que o fixera individualmente ou figurando en máis dunha unión temporal.

B) Sobre B, denominado de documentos, expresará a inscrición de: Documentos xerais para o concurso de adxudicación das obras de Acondicionamento da Alameda do

Concello de Ribadavia, e deberá conte-la seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da capacidade das empresas.

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros Profesionais ou Comercial ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do real Decreto 390/96, en función dos diferentes contratos.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espacio Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar das empresas non españolas do Estado Signatarias do acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros profesionais ou Comercial ou con presentación das certificacións que se indican no Anexo 1 do Real Decreto 390/96, en función dos diferentes contratos.

A-5) Restantes empresas estranxeiras.

1.-A capacidade das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figura inscrita no Rexistro Local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto que actúa con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

2.-Ademais: A) Se a empresa é dun país signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, deberá acompañarse informe da representación diplomática española sobre a condición de Estado signatario do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio.

B) Se a empresa non é dun país signatario de dito acordo deberá acompañarse o informe de reciprocidade emitido pola respectiva representación diplomática española a que se refire o art. 23.1 do TR.

LCAP (relativo a que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga).

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias):

Declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunales e Xulgados españois de calquera orde, para tódolas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante (art. 79.2.d do TR. LCAP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 23.2 del TR. LCAP)

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á Persoa ou Entidade no nome da cal concorre ante a Administración contratante.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración expresa de que a Empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 20 do TR.LCAP.

F) Pagamento do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pagamento do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se ofrece.

G) Obrigacións tributarias e da Seguridade Social:

Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se atopa ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social. Non obstante, os licitadores poderán presentar unha declaración responsable na que fagan constar que a Empresa se atopa ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente certificación da Administración Tributaria e da Seguridade Social, ó obxecto de poder presentala dentro do prazo máximo de 5 días hábiles, a que se refire o art. 79.2.b do TR.LCAP.

H) Clasificación:

Documento de clasificación empresarial: Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, ou por outra Comunidade Autónoma sempre que, neste último caso se practicara a inscrición no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se esixen con arranxo ó disposto na cláusula VI do presente Prego.

Non obstante para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten ante o órgano de contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 16 do TR.LCAP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

I) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica.

No suposto de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 16 do TR. LCAP e a solvencia técnica mediante a relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

J) No caso de concorrer á licitación varias empresas, constituíndo unha unión temporal, cada unha delas deberá acredita-la súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben as proposicións, a participación de cada unha delas, designando a persoa ou Entidade que, durante a vixencia do contrato, debe ostenta-la representación da unión ante a Administración.

K) Resgardo acreditativo da constitución da garantía provisional.

XI. Mesa de Contratación.- A Mesa de Contratación estará integrada ou constituída do seguinte xeito:

- Presidente, que será o Sr. Alcalde ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.
- Un representante de cada un dos grupos políticos existentes na Corporación.
- O Interventor do Concello ou persoa en que delegue.
- O Aparellador Municipal.
- Un Técnico integrante da Comisión de seguimento do P.E.R.I.
- O arquitecto redactor do proxecto.
- Secretario: o Secretario do Concello ou persoa en quen delegue.

XII. Apertura de Plicas.- As 12 horas do terceiro día hábil seguinte(agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación a mesa de contratación procedera a apertura dos Sobres B, para relacionar e facer consta-la documentación xeral presentada polos licitadores. Posteriormente procederase ó exame detallado e cualificación de tal documentación, para determinar se se axusta ó esixido no prego de condicións, o que determinará a súa admisión, ou se contén defectos ou deficiencias substanciais, o que determinara o seu rexeitamento.

No caso de que a Mesa de Contratación observara defectos formais na documentación presentada, poderá conceder, se así estimase conveniente, un prazo non superior a 3 días para que o licitador subsane o mesmo. Neste caso suspenderase a apertura de proposicións económicas ata o seguinte día hábil a que finalice o prazo concedido ós licitadores para subsanar-los defectos.

Se a documentación tivese defectos sustanciais ou deficiencias materiais non subsanables, rexeitarase a proposición.

De seguido a apertura do sobre de documentación (sobre B) a Mesa de Contratación dará conta do resultado da calificación da documentación xeral presentada polos licitadores nos sobres B, indicando os licitadores excluídos e mailas causas da súa exclusión, convidando ós asistentes a formular observacións que se recollerán na Acta.

De seguido, o Secretario da Mesa, procederá á apertura dos sobres A e dará lectura das proposicións económicas formuladas por eles, acordando a Mesa de Contratación a proposta de adxudicación do contrato ó licitador que oferte á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ó valor económico da mesma, ou declarar deserto o Concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia ós criterios de adxudicación do Concurso que figuran no presente Prego.

En todo caso a adxudicación realizarase polo órgano de contratación previa proposta de adxudicación feita pola Mesa de Contratación, a cál non creará dereito algún a prol do adxudicatario provisional fronte á Administración.

Establecense como criterios de selección para a adxudicación do contrato os seguintes, relacionados por orde decrecente da importancia que se lles atribúen:

a) O aumento da obra sobre a proxectada, sen variar o prezo base de contrata, expresada por unha cantidade en pesetas ou euros. Puntuación ata 5 puntos.

b) Experiencia dos licitadores na contratación de obras similares co Concello e con outras administracións públicas. Puntuación ata 3 puntos.

c) A mellora das condicións estéticas e funcionais nas obras proxectadas. Puntuación ata 1 punto.

d) A rebaixa no prazo inicialmente previsto para a execución da obra. Puntuación ata 1 punto.

e) Prazo de garantía, asistencia técnica e mantemento da obra unha vez finalizada. Puntuación ata 1 punto.

XIII.-Baixa temeraria e renuncia.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poda ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou temerarias notificará esta circunstancia ós licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen ditas baixas .

A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servicios Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

O carácter desproporcionado ou temerario das baixas apreciarase de conformidade co disposto no artigo 83.3 e 86.3 do TR. LCAP de acordo cos criterios obxectivos que se establezan regulamentariamente .

En tanto non se desenvolva regulamentariamente o citado artigo 83.3 e 86.3 considerarase, en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición a porcentaxe da cal exceda en 10 Unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa os seguintes:

1.º .-Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais.

2.º .-Programa detallado de execución das obras.

3.º .-Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores minusválidos (non inferior ó 2%) de acordo co establecido na Disposición Adicional 8ª do TR. LCAP.

A presentación da oferta vincula ó contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do

contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a xeito de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación provisional ou definitiva, d) a formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc.) faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía provisional ou no seu caso a definitiva, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TR. LCAP.

A renuncia do licitador incurso en baixa temeraria, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa temeraria dentro do prazo concedido pola Administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de 3 meses o contratista terá dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva ou cancele a garantía que presentara, de conformidade co disposto no art. 89 do TR. LCAP.

XIV.-Formalización do contrato.

1.-Formalidades previas: garantía definitiva.

1.1.-O adxudicatario, no prazo de quince días naturais desde a data de notificación da adxudicación e como requisito previo e necesario á formalización do contrato, deberá constituír na Caixa da Corporación a garantía definitiva polo importe do 4% do prezo de adxudicación. Dita garantía haberá de ser constituída en calquera das formas a que se refire o artigo 36 do TR. LCAP.

1.2.-Cando a adxudicación se realice en favor do empresario e a súa proposición estivera incurso inicialmente en presunción de temeridade esixiráselle ó mesmo unha garantía definitiva do 20% do prezo de adxudicación.

Ós efectos indicados no parágrafo anterior os adxudicatarios poderán constituír a garantía do seguinte xeito:

a) a correspondente ó 4% do prezo de adxudicación, que se devolverá unha vez transcorrido o prazo de garantía, de acordo cos requisitos establecidos no art. 47 do TR. LCAP.

b) e outra correspondente ó 16%, que se devolverá unha vez aprobada a recepción do contrato.

2.-Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo na data que sinale a Administración contratante, dentro do prazo dos trinta días naturais a contar desde o seguinte ó da notificación da adxudicación.

XV.-Execución do contrato.

1.-Acta de comprobación do replaneo.

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato se efectuarase a comprobación do Replaneo, na data na que a Administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir ó mesmo e subscribir a correspondente Acta, de conformidade co artigo 142 do TR.LCAP.

No suposto de que non fora posible formalizar a Acta de Comprobación do Replaneo, estarase ó disposto no TR.LCAP e Regulamento de desenvolvemento.

1.2.-Comezo das obras e aviso previo á autoridade laboral.

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ó da sinatura da Acta de Comprobación de Replaneo.

O Director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridaed e Saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97), e a presentación do documento debe exhibir o facultativo ó contratista.

Cando o resultado da comprobación do replaneo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo Director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na Acta extendida, e da súa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ó da sinatura da acta.

1.3.-Programa de traballo e plan de seguridade e saúde.-

Dentro dos 15 días seguintes ó da sinatura da Acta de Comprobación de Replaneo o contratista presentará o Programa de Traballo e o Plan de Seguridade e Saúde, e

relación de subcontratistas e subministradores, coa porcentaxe de obra a realizar.

Atendendo á natureza da obra, o Presidente da Corporación, a proposta do Técnico Director poderá eximir ó contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

XVI.-Carteis e sinais.

Na data na que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar a súa custa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a Administración Local. Dito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva.

Asemade, o contratista está obrigado a instalar a súa custa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e a adoptar tódalas precaucións precisas desde o comezo das obras ata o seu total remate, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta Cláusula.

XVII.-Ocupación de terreos.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

XVIII.-Desenvolvemento dos traballos.

1.1.-O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no Proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 52 do TR. LCAP.

Asemade, deberá utilizar os elementos persoais auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

1.2.-Recepción e recusación de materiais.-O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo Técnico-Director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o Técnico-Director non aceptase os materiais

sometidos ó seu exame deberá comunicalo por escrito ó contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

1.3.-Obras defectuosas ou mal executadas.-Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito algún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que foran incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

1.4.-Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.-Se se advirte vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o Técnico-Director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

1.5.-Responsabilidade por vicios ocultos.-Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perexuízos durante o termo de quince anos a contar desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou perexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 148 do TR. LCAP.

XIX.-Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras corresponde ó Técnico-Director das mesmas, o cal dictará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. Non obstante, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar ditas funcións ós técnicos da Corporación.

XX.-Lexislación laboral e Seguridade Social.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

XXI.-Prevención de riscos laborais.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de Riscos Laborais.

XXII.-Responsabilidade. Danos.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas pola súa persoa, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expirara o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na Lei.

Asemade, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración Contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade na que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de prema administrativa.

XXIII.-Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convindo e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

XXIV.-Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avería, pérdidas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

XXV.-Control de calidade.

A Dirección podera ordenar que se verifiquen os ensaios e análise de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do 1% do presuposto de contrata da obra (IVE incluído).

A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral ó efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

XXVI.-Prórrogas.

Se o retraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalara o órgano de contratación poderá concederlla por un prazo que será polo menos igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

XXVII.-Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables ó mesmo, tiverar incorrido en demora respecto ó cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,12 por 601,01 euros do prezo do contrato.

No suposto de que o adxudicatario tivera ofertado redución de prazo de execución e a demora fora imputable ó contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

Reducción (% sobre o prazo de execución)Penalidades

Ata un 5% 0,15 por cada 601,01 euros.

Ata un 10% 0,18 por cada 601,01 euros.

Ata un 15% 0,21 por cada 601,01, euros.

Ata un 20% 0,24 por cada 601,01 euros.

Ata un 25% 0,27 por cada 601,01 euros.

Ata un 30% 0,30 por cada 601,01 euros.

Ata un 35% 0,33 por cada 601,01 euros.

Ata un 40% 0,36 por cada 601,01 euros.

Ata un 45% 0,39 por cada 601,01 euros.

Ata un 50% 0,42 por cada 601,01 euros.

Ata un 55% ou máis 0,45 por cada 601,01 euros.

A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ó incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento de aqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

XXVIII.-Modificacións de obras.

En ningún caso o Técnico Director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do Presupuesto reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderá o órgano de contratación, previa a redacción do proxecto, audiencia ó contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito. Todo isto sen prexuízo do disposto no art. 146.4 do TR. LCAP, para os supostos a que se refire dito precepto.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, con arranxo ó establecido no art. 101 do TR. LCAP, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato. No caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha, sen prexuízo do que se establece no art. 149.e do TR. LCAP.

Cando as modificacións supoñan a introducción de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cando as súas características difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación das mesmas serán fixados pola Administración á vista da proposta do Director facultativo das obras e das

observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixara ou executatalas directamente. A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade sempre que o seu importe non exceda do 20% do prezo primitivo do contrato.

Cando como consecuencia da modificación d contrato aumente o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía que se contificará no 4% do incremento experimentado no prezo de adxudicación. Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

XXIX.-Cesión de contrato e subcontrato de obras.

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras ou subcontratar unidades de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 114 e 115 do TR. LCAP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado ós subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e con arranxo ás condicións establecidas no art. 116 do TR. LCAP.

XXX.-Recepción das obras e certificación final.

O contratista comunicará por escrito ó Facultativo Director da obra a data prevista para o seu remate, cunha antelación mínima de 1 mes.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte ó remate das obras. Todo isto de conformidade co artigo 147 do TR. LCAP.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido

dito prazo o contratista non o efectuara, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 2 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

XXXI.-Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano a contar desde a recepción das obras, salvo que se oferte un periodo maior por parte do adxudicatario.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do Técnico-Director.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigaón, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola Administración contratante, a costa do contratista.

XXXII.-Liquidación e devolución da garantía definitiva.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o Director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 148 do TR. LCAP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigaóns pendentes aplicándose ó pagamento destas últimas o disposto no art. 99.4.

No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, durante o prazo de garantía o Director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para isto durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

XXXIII.-Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 111 e 149 do TR. LCAP, cos efectos previstos no artigo 151.

XXXIV. Gastos a cargo do adxudicatario.- Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- a) Os de anuncio que produza o concurso e os preparatorios e de formalización do contrato.
- b) Os tributos estatais, municipais e autonomicos que deriven do contrato.
- c) Asumi-lo pago do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo da adxudicación.
- d) Asumi-lo pago dos honorarios de dirección de obra.
- e) Asumi-lo pago dos gastos que se deriven da realización dos proxectos específicos necesarios para o desenrolo das obras (estudios xeotécnicos, topográficos, instalación de telecomunicacións etc...).

XXXV.-Réximen xurídico.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos das Administracións Públicas e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, os acordos do cal porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdicción, previa interposición,

no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN

Don, con domicilio en, rúa, número, teléfono, con DNI (ou Pasaporte ou documento

que o substitúa) número, actuando en nome propio (ou en representación de, DNI ou CIF número, e con domicilio en, número, teléfono) toma parte no concurso con procedemento aberto para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de Acondicionamento da Alameda do Concello de Ribadavia e a tales efectos fai constar:

1.º .-Que ofrece o prezo de (IVE incluído).

2.º .-Que coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato.

3.º .-Que acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En Ribadavia a de de 2002.

O licitador (asinado e rubricado).

ANEXO II

MODELO DE SOBRE

Proposición para tomar parte na contratación das obras de, presentada por

En Ribadavia a de de 2002".

E sendo as dúas e dez do mediodía o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario, certifico.